

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA O PERÍODO DE EXTRACCIÓN DE SEMENTE DE MEXILLÓN NOS BANCOS NATURAIS DO ÁMBITO TERRITORIAL DE COMPETENCIA DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO

ANTECEDENTES

1. O 26.11.2025 reúnese con carácter extraordinario a Comisión do Mexillón para, entre outras cuestións, avaliar o estado da semente de mexillón en bancos naturais para a presente campaña nas provincias da Coruña e Pontevedra, realizadas polo Centro Tecnolóxico do Mar e o Centro de Investigacións Mariñas de Galicia.
2. O 27.11.2025 emítese un informe polo director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia, modificado polo Decreto 338/1999, do 3 de decembro, dispón que as condicións das habilitacións para o abastecemento de semente en banco natural, as zonas e períodos de extracción e as cantidades máximas a extraer en cada zona, se regularán mediante Orde da consellería competente en materia de acuicultura.
2. A Orde do 26 de outubro do 2000 regula a extracción de semente de mexillón en bancos naturais e fixa no seu artigo 4 como período de extracción o comprendido entre o 1 de decembro e o 30 de abril. Á súa vez establécese que se prohíbe a extracción de semente os sábados, domingos e festivos.
3. O informe do director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, emitido o 27.11.2025, á vista da recomendación do director do Centro de Investigación Mariñas de Galicia, sobre a base da análise das poboacións de mexilla en distintos puntos do litoral de Galicia, de *"valorar a conveniencia de retrasar o período de extracción de mexilla destas comunidades, coa finalidade de conseguir que se asente o recente recrutamento e se harmonicen os diferentes recrutamentos que as forman, para deste xeito conseguir que os tamaños da mexilla sexan o máis homoxéneos posibles e, en consecuencia, a súa distribución sexa máis homoxénea"*, entende necesario e fundamental a modificación do período de extracción de semente de mexillón e non observa ningún inconveniente en que se modifique o período para a extracción de semente de mexillón en rocha, atrasando o seu inicio, establecendo como período de extracción o comprendido entre o 2 de xaneiro e o 30 de abril de 2026





4. A Disposición Adicional da Orde do 26 de outubro do 2000 establece que en función das características conxunturais de cada campaña e cando o seguimento e avaliación dos recursos o aconselle, a xefatura territorial, dentro do ámbito da súa competencia, poderá modificar as zonas, cantidades e períodos de extracción mediante resolución motivada que deberá ser comunicada aos interesados. Respetarase en todo caso a prohibición de extraer semente de mexillón os sábados, domingos e festivos.

5. De acordo coa dita disposición esta directora territorial é competente para ditar esta resolución.

En base ao exposto, **RESOLVO**

Modificar, con carácter extraordinario, **o período de extracción de semente de mexillón nos bancos naturais** dentro do ámbito territorial de competencia deste departamento, establecendo o comprendido entre o **2 de xaneiro de 2025 e o 30 de abril de 2026**, respectando a prohibición de extraer semente de mexillón os sábados, domingos e festivos.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes ante a conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora territorial da Consellería do Mar en Vigo

